

## O alumnado de Camariñas di NON ás Violencias Machistas en clave audiovisual

28 NOV 2017

REDACCIÓN

Concentracion do ensino de Camarinas contra a Violencia machista 1



Concentracion do ensino de Camarinas contra a Violencia machista



Pechou Camariñas unha completísima semana de actos na Costa da Morte en contra da Violencia de Xénero. Fíxoo cunha Manifestación de todo o ensino de Camariñas durante a mañá do pasado luns 27 de novembro, no marco da Campaña “En negro contra as violencias machistas”.

O alumnado e profesorado dos CEIP de Camariñas e Ponte do Porto e do IES Pedra de Aguiá, participaron nun acto no que se proxectaron vídeos elaborados polo alumnado 6º do CEIP Ponte do Porto e do grupo da biblioteca do IES Pedra da Aguiá. Ademais léronse dous poemas de Alba Canosa, “Valentía” e “Sentidos”, e o manifesto “Camariñas contra a violencia de xénero”.

Finalmente, proxectouse un vídeo coas empresas e establecementos de Camariñas que participaron na campaña “Camariñas en Negro”.

